

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 01/01/1979**

**Colección:**

**Data:** 01/01/1979

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Francisco Fernández del Riego;

**Orix:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e o membrete:]

**Temáticas:**

*Imáxenes de Galicia*; Artes; Artes visuais; Emigración; Migracións;

**Mencionados:**

Evelina Hervella; Maruxa Seoane;

---

## **Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 01/01/1979**

LUIS SEOANE

Buenos Aires, 1º de Enero de 1979

Sr. D. Francisco Fernández del Riego

Vigo

Meu querido Del Riego:

Recibín a tua do 21 do mes pasado. Esta chegaráche entrado o 79, si chega. De calquer xeito, nos estaremos en Galicia na primeira quincena de febreiro. Xa falaremos entón de moitas cousas. Xa terás o exemplar de *Imáxenes de Galicia*, mandeino tan pronto como tiven exemplares. Pra min a importancia que ten, penso, é a de rescatar mitos e feitos históricos galegos que non tiveron, na súa maioría, expresión gráfica algunha. Penso voltar e, coma ti, penso manterme “fora de xogo”.

Estarei soio pra o meu traballo. Gostaríame redactar, non sei si terei folgos pra elo, un libro de memorias no que, si non importantes os feitos meus, sí se reflexe o ambiente e a lembranza das persoas que foron meus amigos dunha xeneración, a nosa, pra Galicia. Penso en esto a miúdo. Quixera non ter a sensación de que todos nos perdimos os anos traballando sin ter por qué.

Xa falaremos moi pronto. Unha grande aperta, a primeira do ano 79, pra Evelina e pra ti, desexándovos Maruja i eu un 1979 feliz.

Seoane

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.